

Incendio

Abro a porta do local e, de golpe, fáiseme evidente que non poderemos entrar a traballar en varios días. O teito non se ve, é só unha gran zona negra con algúns nervios soltos de escaiola. As paredes, no que a pouca luz permite adiviñar, chorrean pingas secas e irregulares. Os restos de obra, non obstante, foron retirados e, cando menos, podo percorrer os distintos cuartos. O suficiente para ver as mesas enterradas baixo moreas de papel, libros, cadernos, tomos, revistas... Supoño que os ordenadores estarán debaixo. Non se albiscan. Un compañeiro, para me dar ánimos, infórmame de que mañá pintarán todo a pistola. Estráñame que sexa tan rápido pero nada digo. Hai homes traballando, aínda que non escaiolistas. Prepárome mentalmente para dous ou tres días máis de vacacións. Con sorte, unha semana. O compañeiro explícame despois, en canto tomamos café, algunhas cousas. Noto que fai todo o posíbel por permanecer tranquilo. El é así, sempre procura manifestarse estábel. Axuda moito ao grupo esa actitude, pero no fondo está preocupado. Eu dígolle, entón, que un incendio resulta case imprescindible

se o que se quere é forxar unha lenda. Incluso, digo, a un periódico con pouca historia coma o noso viríanlle ben un par deles. Suxírolle que comecemos a referirnos xa a este como «o incendio de 2007». Para nós, quero dicir para a cabeceira, será unha referencia mítica, como o incendio de Lisboa ou o terremoto de San Francisco. O meu compañeiro sorrí e eu síntome contento de ter aliviado o seu pesar.

O día do suceso estivo aquí a policía científica, dous homes e unha muller. Resultaba estraño. Esa meticulosidade probabelmente se deba a que o lugar calcinado é un periódico. Tomaron numerosas fotografías, planos xerais e de detalle; pero de que detalles? Que Holmes podería deducir algo de semellante material? Elaborarán un informe.

Hai xente que pregunta, quizais con intención. Nós recorremos ao consabido cortocircuíto, a un cable requeentado ou á luz de emerxencia en contacto cun papel demasiado seco. Saíu nos diarios e houbo que avisar os colaboradores para que non se alarmasen. Serafín encontrábase en París. A súa nai chamouno para dicirlle que ardera o seu lugar de traballo. Debe estar agradecido por contar cunha nai con tanto sentido do humor.

Cómo incita ás cábalas un incendio. Pero eu non creo nos símbolos. Pasamos a tarde limpando, un traballo odioso, un bo castigo para un herexe. Teño mans de carboeiro. Mancho todo o que toco, despois provocou unha pequena discusión, por mor das carpetas de Henrique Amarante. Son varios centos. Digo que deberíamos desprendernos delas, pero fáltanos a súa autorización. El está xubilado, quen as vai consultar agora, pregunto. Deseguido, penso para min –abrín varias– que alguén con dedicación podería extraer delas datos saborosos e talvez escribir un libro. Logo dígo-

me que ese libro sería lido por medio millar de persoas, na hipótese máis favorábel, e todo volvería ao silencio. Non é a primeira vez que me pasa, que o documentalismo e a arquivística me deprimen, sobre todo se hai que luxar as mans. Tiremos con todo!, berro. Dádeme sacos amplos e resistentes! Pero finxen que non me escoitan. Polo baixo, un dos novos insinúa que está comigo. Para el todo documento con máis de dous anos de antigüidade resulta inútil.

Resígnome e deambulo entre carpetas negras. Algunhas teñen nomes estraños, incompletos ou inesperados. Velaquí: Lista republicana, ATEGA, Nigrán, Pen Timor, Ecotaxa, Plano forestal, Moureira, Medicam Corte, Bosque Atlántico, Mariategui, Nunes, Kohl-González, Budget Implementation Committee, Área metropolitana, Datos económicos sobre diarios, Brecht, Merca Fenosa, Faros, Rof, Bonino Marrocos, GH, Méndez, AIDS, Incineradora, Pesca de Arrastre, Sismos V-Lexislación Córdoba e Sismos III-Informe Córdoba-Danobeitia. Detéñome aquí, porque as dúas últimas tráenme á memoria unha época de reportaxes de investigación sobre os terremotos. No seu día provocaran incredulidade entre algúns lectores, escepticismo fundamentado sobre todo en que Amarante «era xornalista e non científico», aínda que, como se ve, sempre citaba investigadores acreditados. Tamén dicía que a maioría dos científicos adoitan ser compracentes coas institucións que custean os seus estudos. Lembro o mapa que elaborou con bandeiras de dúas cores, unha para o epicentro e outra para a represa máis achegada. Tratábase de demostrar que a gran masa de auga reunida por un encoro podía facer repisar o terreo e provocar un movemento sísmico, incluso cando o punto orixinal do tremor se atopase a cen quilómetros de distancia.

Entre os papeis cubertos de cinza e os cascallos, aparece o director, o que aínda é o director. Estivo en Madrid e alí conversou longamente co noso crítico máis recoñecido. Di que o sabía todo sobre os nomeamentos na empresa, mellor ca nós, mesmo os que aínda non se produciran. Non me chama a atención a velocidade, senón ese interese tan grande por algo que me afecta a min e non a el. Pero, en realidade, os comentarios sobre os demais non se fan por interese senón por divertimento. Do incendio, en cambio, non sabía nada.

Ao saír do local, entro no bar Mondoñedo. Leo un diario que hai enriba do mostrador. Unha muller de Santa Marina de la Torre extraviara a súa alianza seis anos atrás. Caty, que así se chama a berciana, atopouna agora cando recollía unhas cenorias. Eu sempre sospeito destas rarezas, mais o periódico publica a fotografía: a hortaliza coa cintura estreitada polo anel. Supoño que a imaxe non estará trucada. Pasando as páxinas, atopo outra noticia, unha declaración de Mercedes Gómez, «a avoa de Galicia», de 106 anos: «Non me acostumei á tele. Abúrreme tanto grito.»

Fun ver, por primeira vez, á gran xefa, Lourdes Bonet. Un dos seus antecesores era catalán, industrial conserveiro. Interrompín as vacacións e estreei un traxe de liño gris. Cheguei á Coruña trinta minutos antes da hora. Na porta, as siglas RBM da empresa de Bonet: remolcadores, buques mercantes, investimentos varios e mais algún periódico coma o noso, pequeno veleiro á deriva. O despacho non é grande. Ten varios cadros abstractos. Varias pezas de cerámica, sudanese, segundo me di. Desde a fiestra vese o porto. Ela leva o pelo curto, tinguido de caoba. Ten unhas engurras marcadas,

de campesiña curtida, que chaman a atención. Viste con elegancia, pero a súa maneira de falar é coloquial. Traduzo, ao xeito marxista e freudiano que me aprenderon na universidade: os cadros e a cerámica —ao parecer pezas caras, o barro ten non sei que característica especial— indican poder, mentres que a afabilidade aproxima o visitante. Gústalle falar de ecoloxía e dunha ONG africana que subvenciona, algo ao que apenas presto oídos. Xa son o director.

Preséntanme un novo compañeiro que vai ocupar un posto de responsabilidade importante. Leva un mes pensando o que vai dicir e fala sen parar. O estraño é que non divaga, todo o que afirma vai acompañado de datos, probas, números. Non por nada se manexa ben na Internet. Ten uns trinta anos. Todo está comprobado e certificado por el. Nótase que é moi activo, coñece a todo o mundo, se aceptamos que o corte xeracional representa tamén unha fractura no coñecemento (non parece saber o nome de ninguén maior de trinta e cinco anos nin menor de vinte).

Ultimamente, a medida que a empresa se transmuta, noto que empezo a estar rodeado de persoas hiperactivas. Comentan que a mesma gran xefa posúe esta forma de carácter. Quizais agora deba ser así, non só se traballa, senón que hai que facelo a toda velocidade, atendendo dous teléfonos simultaneamente. O AVE, o automóbil, os anuncios da rede, todos empregan a palabra *rápido*. Incluso se usa á hora de comer. Circulará tamén o noso sangue máis rápido? Dixerimos os alimentos máis á présa?

Os potentados e os altos cargos son hiperactivos. Trátándose de mulleres aínda máis. Antes os rentistas tiñan por

honra non dar pancada, non dobrar o lombo. Agora Amanacio Ortega almorza no comedor da factoría que funciona (creo) en réxime de autoservizo, para ir máis rápido.

Esta é só unha teoría. Quizais exista tamén un bo número de tíos Gilitos que traballan poucas horas, poucas pero ben aproveitadas; mais descubrín hai tempo que a credibilidade da socioloxía depende da súa literatura, do peso e ritmo das palabras que só sabe medir ben un escritor, aínda que se enfarde de sociólogo. Antes os escritores de compromiso derivaban pronto no xénero social e as súas novelas, máis que coloristas descrições, ofrecían listados de cousas, dos adminículos e dos xestos que caracterizan unha clase. Os antecedentes de Bourdieu en Francia pódense atopar en Victor Hugo, Balzac e Flaubert, quizais mellor que en ningunha outra parte. Agora, que o prestixio se inverteu, todos queren poñer o título de sociólogo na tarxeta, aínda que apenas consigan disfrazar a veta lírica. Pero que foron os «sociólogos» Barthes ou Baudrillard senón excelsos autores de prosa poética?

Por fin chegaron os escaiolistas, que se xuntaron cos pintores, cos electricistas e con tres limpadoras. Zigzagueando entre eles conseguimos ocupar as nosas mesas os xuntalettras, a retratista, os que levan as contas, o que atende as subscricións, os deseñadores, a publicista. Falamos todos ao tempo, mais as nosas conversas non se cruzan, circulan en dúas dimensións diferentes, ignorantes unha da outra, como sucede entre os camareiros e os clientes dun café. Hai un momento no que me poño a arremedar unha conferencia do escritor Martínez de la Ceba, imito a súa dramatización xestual, os seus látegos lingüísticos. Un electricista que permanece subido a unha escada, moi preto de min e do compañeiro para o

que realizo esta improvisada representación, ponme os ollos enriba, parece preguntarse que tipo de loucura me domina.

Serafín vén de entrevistarse co histórico dirixente nacionalista Fuco González; histórico, aínda que dista de ser un ancián. Todo entre nós é novo, pero faise vello deseguida. Seica nos criticou duramente a todos. Serafín di que nos fará partícipes dos detalles, outro día, con máis amplitude. Non estou por oír eses detalles, aínda que non ten por que me molestar a crítica se eu tamén a exerzo contra min. Christa Wolf di que «a partir dun momento determinado, un comeza a verse a si mesmo historicamente; é dicir, inmerso na súa época e vinculado a ela». E verse historicamente significa ser máis obxectivo e menos autocompracente.

Hai algúns anos, González tratou de demostrarlle a alguén que eu era un *radical* e, paradoxalmente, tamén un *moderno*. Cando o souben, matineino durante un par de días e, ao final, deille a razón, era verdade que caera nese contradictorio defecto e non por un período breve, mais estaba disposto a descubrir a xénese dese erro. A perspectiva radical-moderna era a propia de Martínez de la Ceba, aínda que a min foime transmitida por Amarante. Claro que hai moitos máis individuos, sobre todo intelectuais, que se poderían encadrar aí, tantos que se debería falar dunha escola radical-moderna. Por que caín, en maior medida do que me gustaría recoñecer, na súa rede? Talvez porque me resultaba confortábel e estético. O meu pasado universitario en Madrid foi o seu caldo de cultivo. A postura radical-moderna resulta produtiva para un *eu artístico*, mais non serve para actuar racionalmente en calquera posto no que sexa preciso aplicar un discernimento cabal e non unha representación nin un enquistamento na pureza das cousas.